

# DESMONTANDO A BENTHAM

Encarna Lago González.  
Xerente da RMPL.

26 anos despois do inicio oficial da desinstitucionalización psiquiátrica, o fotógrafo Xosé Reigosa iniciou o proxecto de desmontar a Bentham. No Hospital Psiquiátrico de San Rafael de Castro, Reigosa comezou a darlle luz á tolemaia a través da arte, a humanizar os esquecidos, a empregar os espazos para a expresión e non para a represión. Desmontar a Bentham non é coller as celas do manicomio, como cubos de Tetris, e colocalas fisicamente noutro lugar, é deixar de agochar o tolo, recuperalo para con nós, incluso animalo a conducir (de novo). Os internos de Castro xa o sabían, tamén o sabían os coidadores de San Rafael e os vecíos de Castro, eran os seus tollos, "os tollos de Castro". Fuxián do panóptico, estrada abaxo, con permiso ou sen el, retaban a un axuste de contas a Bentham con cada un dos seus achegamentos á vila. Á volta, só os coidado-res os atendían no seu retorno ao esquecemento, ao único lugar onde moitos internos tifian reposo. Esa relación entre internos, coidadores e a vila foi a aplicación do proceso de desinstitucionalización psiquiátrica, feito informal e popular, comunitario e até integrador nalgún momento. Castro e a súa xente chegaron a comprender e incluir estas persoas mellor que calquera psiquiatra lobotomizadora doutro tempo, mellor cás familias que ali os deixaban esquecidos e estigmatizados, trocándoo por un incómodo silencio.

Baixo o título *Entre Marbella e Torremolinos. Imaxes de manicomio Xosé Reigosa* mostra como, entre as salas de descanso do centro —Marbella a das mulleres e Torremolinos a dos homes— os internos pasean perdidos nos labirintos da mente humana que inundan os corredores da institución. Como Teseo, viaxan polas estancias franqueados polas interminables pasaxes

esborranchadas nas paredes, mostra da desesperanza. As fiestras poderían ser os ollos ao exterior, se non fose que o lousado do edificio tapa o ceo; pecha Paxaros e pantasmais, deixándoo sen saída. A viaxe continúa entre apousentes húmidos e minúsculos nos que, dalgún xeito, se tenta ao descanso, entre os restos da vida anterior, fóra do labirinto/panóptico. Na sala de xogos, un mural escenifica unha praia sen atinar no obxectivo do desafogo. E máis, afianza o desalento mostrado por un boneco vestido de la que, vencido e sentado, repousa na soleira da fiestra coa cabeza agachada de costas á luz. Nesta odisea, os internos van na procura da corda de Ariadna, que lles indique o camiño a liberdade, para sair de si mesmos e do panóptico; para desfacer o camiño andado no maldito labirinto. Deixar o medo pechado para sempre, deixalo de portas para dentro dos muros do panóptico e guindar a chave ao río Lea.

No 1885, publicouse o "Real Decreto para la Observación e Internamiento de Dementes"; nel establecese que os concellos e as deputacións deberán habilitar espazos para a atención e observación de enfermos mentais para o seu ingreso manicomial, pasando logo a ser reclusos. No mes de xullo dese mesmo ano, a mitra compostelá e un par de socios adñeirados abren o manicomio de Conxo. Décadas despois, tras negociacións das deputacións galegas, a Conxo vaise derivar o internamento de case todos os enfermos mentais de Galiza, nunhas condicións ínfimas (as taxas de mortalidade serían do 38%). Este escuro período vén marcado, tamén, polas continuas denuncias da situación dos grandes especialistas galegos da época. Encargados da institución como Lois Ásorey ou Ramón Rodríguez Somoza, entre outros, procuran a mellora, humanización e a reforma da asistencia

ás persoas enfermas alí recluídas e mantéñen un enfrontamento continuo co padroado propietario do xa denominado Sanatorio de Conxo (a Igrexa). En Lugo, dende o 1910 ao 1951, a beneficencia provincial confinaria algúns dos seus pacientes no sanatorio do doutor Ricardo Núñez, en Vilapedre (Sarria). Este doutor tiña unha visión, baseada na inclusión social dos enfermos, oposta á dos donos de Conxo.

O manicomio de Castro proxéctase despois da Guerra Civil, no 1943, e faise real no 1954. Xestionado pola Beneficencia da Deputación Provincial de Lugo, é o segundo grande centro de reclusión para enfermos mentais en Galiza. Logo dos intentos dos doutores progresistas republicanos, dende o triunfo do chamado Alzamento Nacional, o panóptico como idea, outra vez, manda. De novo exclusión, vixilancia e agocho.

En 1985, apróbase o "Informe de la Comisión Ministerial para la Reforma Psiquiátrica". Supón o inicio do regulamento da desinstitucionalización psiquiátrica; o abandono dos manicomios. Procúrase iniciar un proceso de reforma para reintegrar estas persoas e o tratamento das súas doenças na sociedade e non nun edificio illado, agochado e vixiado. Pонse o primeiro chanzo para rematar unha viaxe de 100 anos pola tolemaia, por antebrazos con n.º de serie tatuados, pola morte, o frío e o medo. Unha viaxe na que só un conxunto de especialistas, dos anos 1920/30, (serían condenados logo ao autoexilio pola Ditadura de Franco) tentarían desmontar o panóptico de Bentham; desmontalo como idea e concepto: rexitar o medo como fundamento. No 1985, retomamos a viaxe aqueles doutores republicanos e a de Ricardo Núñez. No sanatorio de Vilapedre, no ano 1999, o

artista sarria Rubén Santiago situou a instalación "8888 oclillones", que serviu de despedida social ao antigo sanatorio do Dr. Ricardo Núñez, antes de reconverte en hotel. As esculturas eran monstros, probablemente os monstros que, con agarimo, o doutor tentaba extirpar dos seus pacientes. Foi un proceso de 26 anos cun mesmo cometido: desmontar a Bentham.

Dende a Rede Museística Provincial, no seu momento, convídamos a sociedade a participar no proxecto mediante a mostra do traballo de Xosé Reigosa, ofrecida na sala de exposicións do Pazo de San Marcos. Aquel proceso continuou e inzou até xermolar nunha idea como Entolearte, coa que intervímemos, humanizamos, socializamos e abrimos un espazo ao mesmo tempo que dabamos peche ao Sanatorio San Rafael de Castro como ese edificio de tebras, furados negros e medo para mostrar, dende a arte, a imaxe do que debeu ser sempre o trato a calquera persoa: un contacto dende o positivo e cara ao positivo, un xeito de ampliar as capacidades para silenciar por sempre as carencias e as limitacións.

Hoxe anos despois a situación da saúde mental na nosa provincia lévanos aos datos que vemos en *Felicidade e malestar en Galicia* e que son suficientemente graves a día de hoxe. Que está a pasar? Que podemos facer? Fagámolo!



Entre Marbella  
e Torremolinos.  
Imaxes de manicomio  
Xosé Reigosa.



# ENTRE MARBELLA E TORREMOLINOS IMAXES DE MANICOMIO

Imaxes: Xosé Reigosa · Comisariado: Encarna Lago González

